



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CENTRO GALICIA DE BUENOS AIRES, CULTURAL, SOCIAL E DEPORTIVO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar co Centro Galicia de Buenos Aires, Cultural, Social e Deportivo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de novembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para contribuír ao mantemento do Centro Galicia de Buenos Aires, Cultural, Social e Deportivo, á vista da importancia das actividades que desenvolve, da repercusión destas tanto na cidadanía de Bos Aires como en especial o colectivo galego residentes na República Arxentina, e do apoio infraestrutural que presta no desenvolvemento dos programas da Secretaría Xeral da Emigración.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O Centro Galicia de Buenos Aires, Cultural, Social e Deportivo é unha entidade civil sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro da Galeguidade como comunidade galega, cun total de 9.404 socios dos cales 6.664 son persoas galegas, e ten entre as súas finalidades:

a) Contribuír ao estudo, coñecemento e difusión da historia, cultura e costumes de Galicia e dos demais elementos e manifestacións que emanan da vida do seu pobo, político e administrativamente organizado, como goberno autónomo dentro das





comunidades históricas de España e, por ende –e como tal– manter tamén a difusión e defensa de todos os valores da hispanidade.

b) Edición dunha publicación periódica informativa de divulgación cultural sen fins de lucro e manter permanentemente viva a lembranza dos costumes e tradicións que forman parte do acervo cultural da República Arxentina e de Galicia, cultivándoas e espallándoas.

c) Procurar axuda, orientación e consello ao colectivo de galegos emigrantes e propender a que se integren dentro do seo da nosa colectividade e se adapten ao medio social arxentino.

As actividades que realiza o Centro Galicia de Buenos Aires, Cultural, Social e Deportivo redundan na defensa da colectividade galega e contribúen a reforzar a súa cohesión, entre si e coa súa terra de orixe. O seu papel é sobranceiro no mantemento dos lazos culturais e sociais con Galicia, as súas xentes, a súa historia, lingua e cultura.

Esta entidade dispón de importantes instalacións e, neste intre, é o principal centro de referencia de Bos Aires tanto polo número de persoas asociadas como polas actividades culturais e sociais que executa en favor da comunidade galega, colaborando ademais coa Secretaría Xeral da Emigración na xestión dos distintos programas que xestiona directamente nesta cidade.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4 c). da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

A Secretaría Xeral da Emigración achegará para o financiamento dos gastos derivados do desenvolvemento das accións recollidas neste convenio un total de sesenta mil euros (60.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela a

